



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 15 DE FEBREIRO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día quince de febreiro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 8 de febreiro de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 8 de febreiro de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde HFP/73/2022, de 7 de febreiro, do Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se determina o importe a percibir polas Entidades Locais, da compensación polo efecto da implantación da subministración inmediata de información do IVA, SII-IVA, na liquidación da participación en tributos do Estado de 2017, de conformidade co establecido na disposición adicional octoséxima sexta da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de orzamentos xerais para o ano 2022. (Boletín Oficial do Estado número 34, do día 9 de febreiro de 2022).

- Orde de 31 de decembro de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento BS700A). (Diario Oficial de Galicia número 27, do 9 de febreiro de 2022).

- Resolución de 24 de xaneiro de 2022, da Consellería de Política Social, pola que se publica a Resolución de 23 de xaneiro de 2022 pola que se aproba o Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2022 e a rendición da avaliación do ano 2021. (Diario Oficial de Galicia número 27, do 9 de febreiro de 2022).
- Orde de 17 de xaneiro de 2022, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións á entidades locais de Galicia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT211B). (Diario Oficial de Galicia número 28, do 10 de febreiro de 2022).
- Orde de 21 de xaneiro de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións á entidades locais, para actuacións encamiñadas ao acondicionamento e mellora das instalacións dos espazos termais de uso lúdico da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento IN308C). (Diario Oficial de Galicia número 28, do 10 de febreiro de 2022).
- Orde de 20 de xaneiro de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para actuacións de concellos e entidades en reservas da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT724B). (Diario Oficial de Galicia número 29, do 11 de febreiro de 2022).
- Orde de 9 de febreiro de 2022, da Consellería de Sanidade, pola que se prorrogan diversas ordes polas que se establecen medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 29-Bis, do 11 de febreiro de 2022).
- Orde de 11 de febreiro de 2022, da Consellería de Sanidade, pola que se prorroga e se modifica a Orde de 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifican a Orde de 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostelería segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde de 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de ocio nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia (Diario Oficial de Galicia número 29-Bis, do 11 de febreiro de 2022).
- Resolución de 8 de febreiro de 2022, da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se desenvolve a información a subministrar polas corporacións locais relativa ao esforzo fiscal de 2020 e a súa comprobación nas delegacións de Economía e Facenda. (Boletín Oficial do Estado número 37, do 12 de febreiro de 2022).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Prórroga á anualidade 2023 do contrato para o servizo de “Desenvolvemento da Cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, prorrogable ao 2023”. Expediente: 2021/C005/000018

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de febreiro de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que no expediente nº 2021/C005/000018, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo no que se adxudica á entidade “Animación y Eventos, SL” o contrato para a execución do servizo “Desenvolvemento da Cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no

Concello de Cambre no ano 2022, prorrogable ao 2023”, por importe de 51.030,72 euros sen IVE, 61.640,8 euros IVE incluído, asinándose o correspondente contrato con data 5/01/2022.

Vista a cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas na que se establece que o prazo de execución do contrato se fixa aproximadamente entre os días 2 e 7 de xaneiro de 2022, podendo prorrogarse ao mesmo período do ano 2023, sendo o día de celebración da Cabalgata de Reis o 5 de xaneiro. Engade que a prórroga requerirá do previo acordo do órgano de contratación adoptado no prazo máximo dun mes a partir da data na que se efectúe o acto formal facendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos os traballos correspondentes ao obxecto do contrato, e será obrigatoria para o contratista, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

Visto o informe favorable emitido con data 1 de febreiro de 2022 polo responsable do contrato, coordinador de Actividades culturais e educativas municipal, no que consta que realizado o evento a empresa axudicataria cumpriu satisfactoriamente coa súa execución e non se atopa ningún impedimento para que se leve a cabo a prórroga do contrato á anualidade 2023.

Tendo en conta o informe emitido pola secretaria accidental de data 4 de febreiro de 2021 e mailo informe emitido polo Interventor municipal co número 39/2022 e data do 7 de febreiro de 2021.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do Anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014).

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade “Animación y Eventos, S.L.”, con NIF B15902448 e dirección en rúa Estrada de Bens A Moura 38 B - 15010 A Coruña, para a execución do servizo de “Desenvolvemento da Cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, prorrogable ao 2023” (Expediente 2021/C005/000018), de conformidade co establecido na cláusula IV do contrato e cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo: Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a

Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notifica-lo presente acordo ao responsable do contrato e á Intervención municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2.- Proposta de prórroga na execución da obra “Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020.Expediente 2020/C003/0000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de febreiro de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 14 de setembro de 2021 formalizouse o contrato administrativo para a execución da obra “Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020. Expediente 2020/C003/0000004.

Con data 19 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de Xestión de Residuos así como o Programa de Traballo, segundo establece a cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

Tendo en conta que o prazo de execución previsto para a obra, e fixado no contrato, é de tres meses, que comezarán a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, que foi asinada o día 1 de outubro de 2021.

Vista que o día 7 de febreiro de 2022, con número de registro 20229990000535 a empresa adxudicataria das obras solicita unha ampliación do prazo de execución das obras, por 6 semanas, alegando problemas debido ao retraso no subministración de materiais provocado pola situación xeral actual sanitaria e de problemas de subministración, e afecciones no previstas surxidas durante o desenrolo dos traballos.

Tendo en conta o disposto na cláusula 32 do prego de cláusulas administrativas particulares, que establece a posibilidade de prórroga debido ao retraso na execución producido por motivos non imputables ao contratista, se éste se ofrece a cumprir o seu compromiso na prórroga de tempo que lle sinale o órgano de contratación.

Visto, o informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas da sección de Servizos, con data do 08 de febreiro de 2022, no que considera xustificadas os motivos alegados pola empresa e propón que se conceda prórroga de 6 semanas, ata o 3 de marzo de 2022.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Acordar a prórroga de 6 semanas, ata o 3 de marzo de 2022, na execución da obra “Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020.Expediente 2020/C003/0000004.

Segundo: Notificar á empresa adxudicataria e á coordinadora de seguridade e saúde, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceiro: Notificar ao responsable do contrato, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 4 ao 10 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Servizos e Seguridade Cidadá número 153/2022 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude número 186/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
153/2022	04-02-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
154/2022	04-02-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de febreiro de 2022
155/2022	04-02-2022	Arranxo buratos no tellado do comedor do CEIP Emilio González López en Brexo
156/2022	05-02-2022	Autorización condutor asalariado na licenza de taxi nº 25
157/2022	07-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social aluguer por un importe de 300 euros. Solicitante: AMBC
158/2022	07-02-2022	Reposición legalidade urbanística a don JLVP, pola execución de obras consistentes na reforma de baño na vivenda sita en Rio Valiña, Barcala-Cambre, sen título habilitante
159/2022	07-02-2022	Corrección de erros da licenza de segregación de finca de sita en Nebrixe - Bribes de 2.785 m ² de superficie dunha parcela de 141, 10 m ² para posterior cesión ao Concello co fin de regularizar o viario público
160/2022	07-02-2022	Licenza de edificación de vivenda unifamiliar illada en Lendoiro - Cecebre promovido por FFC
161/2022	07-02-2022	Licenza segregación para cesión a viais na finca sita en Meixigo - Cambre promovido por CSR
162/2022	07-02-2022	Desistimento da licenza de edificación de vivenda no lugar de Aián - parroquia de Sigrás promovido por LGA
163/2022	07-02-2022	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total 17.751,31 euros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

164/2022	07-02-2022	Reparos suspensivos
165/2022	07-02-2022	Axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento XUNTA TR351A)
168/2022	07-02-2022	Solicitude información MJGH
166/2022	08-02-2022	Aprobación solicitude subvención novidades editoriais e para a mellora das coleccións 2022
167/2022	08-02-2022	Solicitude subvención deputación mantemento persoal técnico cultura 2022
169/2022	08-02-2022	Execución da sentenza de data 17 de decembro de 2021 do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña, no procedemento abreviado número 0000166/2021. Expediente número 2020/P001/000018 responsabilidade patrimonial. Pago franquía
170/2022	08-02-2022	Nomeamento administrativo interino adscrito a Tesourería
171/2022	08-02-2022	Nomeamento traballadora social interina para proxecto "Lagare"
172/2022	09-02-2022	Solicitude de subvención gastos de persoal nas oficinas de turismo en 2022
173/2022	09-02-2022	Subministración e substitución da válvula da bomba circuladora na instalación eléctrica do Campo Fútbol Dani Mallo
174/2022	09-02-2022	Aprobación convenio promoción del ciclismo 2021
175/2022	09-02-2022	Celebración voda civil o 12 de febreiro de 2022 ás 13 horas
176/2022	09-02-2022	Convocatoria comisión de servizos para cobertura posto vacante Policía Local
177/2022	09-02-2022	Expediente de xeración de crédito número 01/2022. Proxecto Lagare.
178/2022	10-02-2022	Aprobación de facturas con reparos de intervención
179/2022	10-02-2022	Proposta de aprobación de proposta de mandamento de pago e pagamento de operacións non orzamentarias
180/2022	10-02-2022	Inicio á alimentación saúdable
181/2022	10-02-2022	Reposición legalidade urbanística pola construción dunha piscina, na parcela sita en Sobrecarreira, parroquia de Sigrás. Propiedade: JFR e MdelRRD
182/2022	10-02-2022	Reposición legalidade urbanística pola realización de obras en parcelas sitas en Picardos, Anceis sen título habilitante municipal. Propiedade: AVB e MEAR
183/2022	10-02-2022	Reposición legalidade urbanística a JVC pola construción dun peche na finca sita en Praza de San Marcos, Anceis. Propiedade: JVC
184/2022	10-02-2022	Compensación do importe de facturas pendentes de Proel Ascensores S.L. co reintegro de pagos indebidos a favor do concello, e pagamento do exceso non compensado
185/2022	10-02-2022	Expediente de orde de execución por vertido de escombros, pranchas de fibrocemento e neumáticos en finca sita en Nebrixe, Bribes pertencente ao complexo hosteleiro. Propiedade: B, S.A.-GH, S.L.
186/2022	10-02-2022	Concerto de entroido da banda de Música Sementeira 2022

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de aprobación dos Planes de Seguridade e Saúde, correspondentes ás obras dos Lotes 1, 2, 3 e 4, da "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED", dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020. Expediente núm. 2021/C003/000009

- Proposta de devolución de aval á empresa "CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS, S.L." adxudicataria da obra "Renovación das redes de servizos e pavimentación en Penouviña (Cambre) e Fontenla (Pravio)" Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal - POS Adicional 1/2012.Expediente 2013/ 5-2 OB

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de aprobación dos Planes de Seguridade e Saúde, correspondentes ás obras dos Lotes 1, 2, 3 e 4, da "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED", dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020. Expediente núm. 2021/C003/000009

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de febreiro de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co número 2021/C003/00009 para a contratación da obra "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED", dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020. Expediente núm. 2021/C003/000009

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 01 de decembro de 2021 polo que se adxudicaron os Lotes 1, 3 e 4 ás seguintes empresas:

Lote1: CAMBRE á UTE INSTELEC-CANARGA, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEI 18/1982, asinándose o correspondente contrato con data 02 de decembro de 2021.

Lote3: O TEMPLE á empresa MONTAJES ELÉCTRICOS VIZCAÍNO, S.L. (MOELVI) asinándose o correspondente contrato con data 02 de decembro de 2021.

Lote4: POLÍGONO ESPÍRITU SANTO á empresa SANSIGA, S.L. asinándose o correspondente contrato con data 02 de decembro de 2021.



Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 02 de decembro de 2021 polo que se adjudicou o Lote 2 a seguinte empresa:

Lote2: A BARCALA á UTE INSTELEC-CANARGA, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, asinándose o correspondente contrato con data 03 de decembro de 2021.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de cada un dos lotes correspóndelle á empresa "Inxeniería, Medio Ambiente e Prevención do Noroeste, S.L.U." (Iprenor), adjudicataria do lote 5 do expediente de contratación 2020/C004/000025 incoado na plataforma TEDeC para tal efecto.

Visto que a dirección facultativa de cada un dos lotes correspóndelle á empresa "Letter Ingenieros S.L.", adjudicataria dos lotes 1 a 4 do expediente de contratación 2020/C004/000025 incoado na plataforma TEDeC a tal efecto.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde, elaborado pola empresa adjudicataria da obra, UTE INSTELEC-CANARGA, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEI 18/1982, para o **(LOTE 1) CAMBRE**, presentado polo coordinador de seguridade e saúde, don Sergio Pequeno Freire da empresa "Enxeñería, Medio Ambiente e Prevención do Noroeste, S.L.U. (IPRENOR)", ao que achega o seu informe favorable, con data do 9 de febreiro de 2022 e rexistro de entrada 202299900000610).

Visto o Plan de Seguridade e Saúde, elaborado pola empresa adjudicataria da obra, UTE INSTELEC-CANARGA, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEI 18/1982, para o **(LOTE 2) A BARCALA**, presentado polo coordinador de seguridade e saúde, don Sergio Pequeno Freire da empresa "Enxeñería, Medio Ambiente e Prevención do Noroeste, S.L.U. (IPRENOR)", ao que achega o seu informe favorable, con data do 9 de febreiro de 2022 e rexistro de entrada 202299900000610.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde, elaborado pola empresa adjudicataria da obra, MONTAXES ELÉCTRICAS VIZCAINO, S.L. (MOELVI) para o **(LOTE 3) O TEMPLE** presentado polo coordinador de seguridade e saúde, don Sergio Pequeno Freire da empresa "Enxeñería, Medio Ambiente e Prevención do Noroeste, S.L.U. (IPRENOR)", ao que achega o seu informe favorable, con data do 22/12/2021 e rexistro de entrada 202199900006911.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde, elaborado pola empresa adjudicataria da obra, SANSIGA,S.L.,para o **(LOTE 4) POLÍGONO ESPÍRITU SANTO**, presentado polo coordinador de seguridade e saúde, don Sergio Pequeno Freire da empresa "Enxeñería, Medio Ambiente e Prevención do Noroeste, S.L.U. (IPRENOR)", ao que achega o seu informe favorable, con data do entrada 25/01/2022 e rexistro de entrada 202299900000328.

Visto os informes favorables emitidos con data de 10 de febreiro de 2021 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e do establecido na cláusula 18.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reguladoras do actual contrato.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola “UTE INSTELEC – CANARGA, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEI 18/1982”, adxudicataria do **Lote 1: CAMBRE** da obra “Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED”, dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020. Expediente núm. 2021/C003/000009.

Segundo: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola “UTE INSTELEC – CANARGA, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEI 18/1982”, adxudicataria do **Lote 2: A BARCALA** da obra “Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED”, dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020. Expediente núm. 2021/C003/000009.

Terceiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa "MONTAXES ELÉCTRICAS VICZAINO, S.L. (MOELVI)", adxudicataria do **Lote 3 O TEMPLE**, da obra “Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED”, dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020. Expediente núm. 2021/C003/000009

Cuarto: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa "SANSIGA, S.L.", adxudicataria do **Lote 4 POLÍGONO ESPÍRITU SANTO** da obra “Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED”, dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020. Expediente núm. 2021/C003/000009

Quinto: Notificar este acordo ás empresas interesadas, á empresa IPRENOR,SL. coordinadora da seguridade e saúde da obra, a empresa Letter Ingenieros S.L, a quien corresponde a dirección facultativa de cada un dos lotes facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Cuarto: Notifíquese a enxeñeiro de Camiños, canles e portos municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de devolución de aval á empresa “CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS, S.L.” adxudicataria da obra “Renovación das redes de servizos e pavimentación en Penouviña (Cambre) e Fontenla (Pravio)” Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal - POS Adicional 1/2012.Expediente 2013/ 5-2 OB

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de febreiro de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 28 de xuño de 2013, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS, S.L. para a obra “Renovación das redes de servizos e pavimentación en Penouviña (Cambre) e Fontenla (Pravio)” Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal - POS Adicional 1/2012.Expediente 2013/ 5-2 OB.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval depositado na Tesourería municipal con data 21.06.2013 por importe de 3.302,51 euros con núm. de rexistro 562, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a recepción da obra, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo Enxeñeiro de camiños, con data do 19 de maio de 2017.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 11 de febreiro de 2022.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fíron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS, S.L.” co CIFB15261308 e enderezo na Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 5, local - 4, 15008, A Coruña, no expediente número 2013/ 5-2 OB para a “Renovación das redes de servizos e pavimentación en Penouviña (Cambre) e Fontenla (Pravio)” Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal - POS Adicional”,

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.



O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López